

ENCUNTROS VIRTUAIS XUNTA - UE

O Pacto por unha Industria Limp O novo motor verde da economía europea

DATA e LUGAR	30 de abril de 2025, en liña
ORGANIZACIÓN	Fundación Galicia Europa
ASISTENTES	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ▪ Consellería de Facenda e Administración Pública ▪ Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ▪ Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ▪ Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ▪ Consellería de Economía e Industria ▪ Consellería do Mar ▪ Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ▪ Axencia Galega de Innovación (GAIN) ▪ Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)
RELATORA	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Carlos Maravall, secretario da UE do Comité Especializado en Enerxía

Introducción

A **conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana**, inaugurou unha nova edición dos 'Encontros virtuais Xunta-UE', o foro de debate entre o goberno galego e as institucións europeas. **Carlos Maravall**, secretario da UE do Comité Especializado en Enerxía da Comisión Europea, e **Pablo Fernández Vila**, director xeral de Planificación Enerxética e Minas da Xunta de Galicia, analizaron o Pacto por unha Industria Limpa, un conxunto de medidas que buscan facer da descarbonización non só unha obriga medioambiental, senón tamén un auténtico motor de crecemento. A encargada de moderar a sesión foi a **directora da oficina da Fundación Galicia Europa (FGE) en Bruxelas, Ana Ramos**.

Na súa intervención, María Jesús Lorenzana destacou que nunha comunidade como Galicia, onde a **industria representa máis do 16% do PIB** –unha cifra superior á media nacional– e sectores como o téxtil, o naval ou a automoción teñen un peso estratéxico, esta iniciativa europea non pode pasar desapercibida. Dende a Comisión Europea, Carlos Maravall axudou a comprender mellor os obxectivos e o alcance do Plan, mentres Pablo Fernández Vila compartiu a visión e as prioridades do goberno galego neste ámbito, así como os retos e oportunidades que este novo marco europeo representa para o tecido produtivo de Galicia.

Pola súa banda, Ana Ramos defendeu a necesidade de **adaptar as estruturas produtivas galegas aos obxectivos de neutralidade climática, sen perder competitividade nin emprego**. Isto, explicou, tradúcese nun desafío que debe abordarse dende a colaboración institucional e cunha visión a longo prazo. A coordinación entre as prioridades comunitarias e as estratexias de desenvolvemento, engadiu, é, polo tanto, máis necesaria que nunca.

Resumo da reunión

A Unión Europea quere impulsar unha estratexia de crecemento e prosperidade a longo prazo que combine a **acción climática e a competitividade industrial**. Esta visión, que impregnará o **segundo mandato** da Comisión Von der Leyen, contéplase no **Compás da Competitividade -o primeiro gran marco legislativo do período 2024-2029-** e no **Pacto por unha Industria Limpa**, que busca a posición de Europa como líder na transición cara a unha economía neutra en carbono, impulsando ó mesmo tempo a innovación, a creación de emprego de calidade e o crecemento económico.

Non obstante, a **consecución dos obxectivos deste Pacto vese ameazada polos elevados custos da enerxía**, que prexudican a competitividade da industria da UE, especialmente nos sectores de gran consumo de enerxía. Existe un risco real de que os novos investimentos se desvíen fóra de Europa e de que as industrias existentes se deslocalicen, o que suporía unha "fuga" de capacidades industriais críticas para a economía e a resiliencia da UE. **Obter enerxía de xeito asumible configúrase como a base sobre a que construír a capacidade da industria europea para innovar e competir no mercado global**.

Neste contexto, o **Plan de Acción para unha Enerxía Asumible preséntase como un instrumento clave en apoio ó Pacto por unha Industria Limpa**. O seu propósito principal é reducir os custos da enerxía para todos os usuarios –cidadáns, empresas e industria–, eliminando un obstáculo significativo para a competitividade e facilitando ó mesmo tempo a transición cara a un sistema enerxético máis limpo e eficiente. Este plan **recoñece que só cunha enerxía asumible poderase explotar plenamente o valor da Unión da Enerxía e asegurar o futuro da industria limpa en Europa**.

A recente crise enerxética e os seus altos custos destacaron a urxencia de reforzar a Unión da Enerxía. Máis de 46 millóns de europeos sofren pobreza enerxética, e os prezos para a industria case se duplicaron, aumentando a diferenza de custos con outros mercados globais e poñendo en risco a competitividade e o emprego en Europa.

Varios son os factores estruturais que contribúen a que estes custos sexan elevados na UE:

- **Dependencia de combustibles fósiles importados**, o que xera volatilidade nos prezos e fainos vulnerables a presións externas.
 - A pesar dunha redución do consumo de gas, o 90% da demanda aínda se cobre con importacións.
 - Os combustibles fósiles aínda representan unha parte significativa da xeración de electricidade (28,9% de media na UE).
 - O transporte depende en gran medida deles, afectando ás facturas dos consumidores.
- **Ineficacia e falta de integración no sistema eléctrico** (falta de interconexións suficientes, necesidade de mellorar a infraestrutura da rede, falta de flexibilidade na concesión de permisos).
- **Aumento dos custos do sistema, impostos e gravames**, que constitúen unha parte substancial da factura. Estes custos poden aumentar debido ás considerables inversións necesarias na rede nos próximos anos.

Para abordar estes desafíos, o **Plan de Acción para unha Enerxía Asumible**, céntrase en **oito accións concretas estruturadas en catro piares**. A maioría das accións poranse en marcha ó longo de 2025.

- I. **Redución dos custos da enerxía:** neste eido o plan de acción céntrase en reducir directamente os custos da enerxía para cidadáns e empresas a curto prazo. Inclúe medidas para facer as tarifas de rede e os impostos máis eficientes e baixos, aumentar a competencia polo miúdo para que os consumidores poidan aforrar, impulsar a eficiencia enerxética, mellorar o funcionamento dos mercados do gas e reducir os custos de subministro de electricidade facilitando contratos a longo prazo e acelerando os permisos para enerxías limpas.

- II. **Culminación da Unión da Enerxía:** búscase completar a longo prazo unha verdadeira Unión da Enerxía mediante reformas estruturais. Os aspectos clave inclúen unha maior integración do mercado eléctrico e unha mellor gobernanza, a mobilización de investimentos masivos en enerxías limpas e redes, e a aceleración de transicións fundamentais como a electrificación do sistema enerxético e a dixitalización, co fin de construír un sistema máis eficiente, resiliente e descarbonizado que evite futuros custos elevados.
- III. **Atraer o investimento e garantir resultados:** quérese atraer o investimento necesario para a transición enerxética e garantir que esta resulte en enerxía asumible para a industria europea. A medida central é o establecemento dun contrato tripartito entre o sector público, os produtores de enerxía limpa e a industria consumidora de enerxía, deseñado para proporcionar a previsibilidade e seguridade necesarias que impulsen as decisións de investimento e aseguren un subministro de enerxía estable e competitivo para as empresas.
- IV. **Prepararse para as posibles crises enerxéticas:** búscase aumentar a resiliencia da UE fronte a futuras crises enerxéticas, xa sexa de subministro ou de prezos. Céntrase en fortalecer o marco regulador da seguridade enerxética para asegurar a dispoñibilidade de subministro e na preparación para xestionar os picos de prezos. Isto inclúe o desenvolvemento de sistemas para reducir a demanda en momentos críticos e garantir que a electricidade poida fluír eficazmente entre os Estados membros para axudar a mitigar as subidas de prezos locais durante unha crise.

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas

Presentación dos eixes fundamentais da estratexia impulsada desde a Xunta de Galicia para orientar o desenvolvemento industrial da comunidade autónoma cara a un modelo limpo e descarbonizado. A análise céntrase no papel fundamental dos recursos naturais, a lexislación asociada, os retos derivados das infraestruturas e o modelo de colaboración necesario para acadar os obxectivos de transición enerxética e crecemento económico sostible.

1. Fundamentos da estratexia industrial e enerxética galega

A visión estratéxica para a industria galega céntrase en **impulsar un desenvolvemento baseado na descarbonización e nunha economía crecentemente electrificada**. Esta aproximación capitaliza o potencial intrínseco dos recursos naturais existentes no territorio galego e a creación de cadeas de valor completas dentro da comunidade.

❖ Base lexislativa

- ***Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia***
 - **Obxectivo:** o aproveitamento dos recursos naturais de Galicia (auga, aire, recursos minerais) debe xerar un **impacto tanxible no territorio, traducido en desenvolvemento económico e riqueza**. Este impacto debe beneficiar tanto ás comunidades locais e á poboación en xeral (v.g. a través do abaratamento do prezo da enerxía) como directamente ó tecido industrial.
 - **Busca dar resposta á contestación social** asociada a determinados proxectos (mineiros, eólicos) asegurando que a cidadanía perciba beneficios concretos (v.g. redución do prezo da enerxía, creación de emprego e riqueza local a través da vinculación con proxectos industriais).
 - **Repotenciación eólica:** promóvese a repotenciación dos parques eólicos existentes con tecnoloxía máis eficiente e de menor impacto visual. Un estudo técnico galego indica que **a repotenciación dos parques con máis de 20 anos podería duplicar a xeración eléctrica con moitos menos aeroxeradores (reducindo entre un 68% e un 75% o seu número), minimizando o impacto territorial**. Este potencial podería atender demandas significativas como a da área da Coruña e Sagra.
 - **Relación directa enerxía-industria:** establécese como **obriga para os novos proxectos** de xeración (eólica e hidráulica) o **subministro directo á industria galega de polo menos un 50% da enerxía producida mediante contratos a longo prazo (Power Purchase Agreement-PPAs)** a un prezo estable e competitivo. Considerase que o prezo da enerxía é un factor diferencial crucial

para a competitividade industrial, especialmente para sectores electrointensivos. En moitos casos, os PPA son esenciais para a viabilidade de grandes instalacións industriais, como sucede con Alcoa, un consumidor masivo que depende do acceso a enerxía a prezo axeitado.

- Tamén se ocupa da valoración do impacto social e económico dos proxectos non sometidos a avaliación de impacto ambiental así como dos proxectos nos que a competencia para a súa autorización non sexa da Comunidade Autónoma.
- **Axenda Enerxética de Galicia 2030 (AXEGA)**, que establece a folia de ruta para a transición enerxética e a consecución da neutralidade climática en 2050.

❖ Modelo de desenvolvemento colaborativo

- **Colaboración público-privada:** deféndese unha relación simbiótica entre o sector público e o privado. Considérase que os recursos das administracións públicas son limitados e que a mobilización de capital privado é esencial para acelerar a consecución dos obxectivos.
- **Creación da *sociedade Recursos de Galicia*:** instrumento público-privado (con capital maioritario da Xunta) para impulsar proxectos estratéxicos para Galicia. Desenvolve un traballo conxunto cos propios sectores industriais galegos.

2. Contexto enerxético galego

- **Renovables:** Galicia destaca como referente no uso e xeración de enerxías renovables. A pesar de ocupar o sexto posto en potencia eléctrica renovable instalada a nivel estatal en 2024, sitúase como a **terceira comunidade en xeración efectiva, grazas ó elevado número de horas equivalentes de funcionamento dos seus parques eólicos, moi superior á media nacional.**
- **Logros na transición:** constátase un avance significativo na descarbonización do *mix* eléctrico galego, coa redución drástica do uso de combustibles fósiles.
 - **O obxectivo fixado para 2030 na AXEGA de acadar unha cota de xeración eléctrica renovable do 84,8% estaba case cumprido xa en 2024.**
 - Galicia tamén **superou o 81% establecido para 2030 no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC).**
- **Retos locais:** existe preocupación polo peche de centrais térmicas sen unha planificación industrial que garanta a continuidade do emprego e a reindustrialización das comarcas afectadas. Hai unha necesidade de que a xeración de enerxía estea sempre ó servizo da industria local como principal motor de riqueza.
- **Obstáculos:** un dos principais obstáculos identificados é a insuficiencia da infraestrutura da rede eléctrica.

- **Limitacións actuais:** a rede de transporte e distribución existente non ten **capacidade suficiente** para absorber toda a enerxía renovable que se xera (levando a limitacións operativas en parques eólicos) nin para satisfacer as necesidades de conexión eléctrica de novos proxectos industriais intensivos en consumo.
- **Necesidade de investimento:** o modelo de investimento estatal nas redes móstrase insuficiente. O estudo galego de repotenciación eólica confirma que **o aumento da xeración, aínda que non requira ocupar novos terreos ou construír novas liñas de evacuación longas, si demandará un reforzo substancial de nudos, subestacións e redes de transporte e distribución.**
- **Conclusión:** a transición enerxética debe ser non só rápida, senón tamén planificada, ordenada e, fundamentalmente, segura, para garantir a subministración e protexer ó tecido industrial.

Ligazóns de interese

- [Noticia FGE-Xunta e Comisión Europea analizan o Pacto por unha Industria Limpa](#)
- [Análise FGE- O Compás para a Competitividade da UE](#)
- [Comunicación da Comisión Europea. Pacto por unha Industria Limpa: unha folla de ruta conxunta para a competitividade e a descarbonización](#)
- [Comunicación da Comisión Europea. Plan de Acción para unha Enerxía Asumible](#)
- [Páxina web do Pacto para unha Industria Limpa](#)